



CONCLUSIÓES

do equipo autor deste informe

Primeira. O **crecemento económico** de Galicia no ano 2001 foi maior que o da UE pero menor que o estatal. Por sectores productivos, a construción tivo a maior suba e o agro-pesqueiro o peor comportamento.

Segunda. Ese crecemento económico a diferenza do sucedido no anterior cuatrienio, non subiu o **emprego neto** senón que o reduciu moi lixeiramente - mentres que subiu no total estatal-. Sectorialmente, a xeración de emprego en Galicia foi moi importante no sector secundario e nos servizos mentres que o sector agro-pesqueiro rexistrou a maior diminución do último quinquenio.

Terceira. As exportacións galegas subiron en 2001 a un ritmo superior ó das importacións, polo que volveu a mellorar por terceiro ano consecutivo (e con especial intensidade no último ano a taxa de cobertura, que se sitúa nun valor histórico, moi próximo ó equilibrio. Algo máis da metade do valor das nosas exportacións concéntrase no sector do automóbil..

Cuarta. A **inflación** en Galicia en 2001 foi unha décima inferior á estatal e baixou 1,1 puntos respecto da do ano anterior. O grupo de gasto de maior suba dos prezos foi o dos alimentos e o de maior diminución o de transporte.

Quinta. Segundo os datos do DIRCE o **número de empresas** de Galicia continuou no ano 2001 a súa traxectoria ascendente (aínda que o aumento foi menos intenso que no ano anterior). Máis da metade das empresas galegas non teñen asalariados e, das que contratan algún, un 60% só teñen un ou dous empregados.

Case a metade das 167.732 empresas de Galicia concéntranse en tres sectores: Comercio polo miúdo, hostalería e construción.

Continúa a tendencia crecente de apertura de centros de traballo e o conseguinte incremento dos traballadores ocupados neles que acada un 13%.

Sexta. A media anual do número de traballadores afiliados en alta na Seguridade Social no ano 2001 en Galicia incrementouse aínda que en menor medida que nos dous anos precedentes. No sector servizos a poboación afiliada galega representa non obstante só o 5,30% do total estatal do sector.

Sétima. O colectivo das mulleres experimenta en 2001 en Galicia o maior incremento do número de afiliados en alta na Seguridade Social que no seu con-

xunto acadan o 40% das altas, representando no réxime especial agrario máis do 62% da poboación activa afiliada.

Oitava. Descenden lixeiramente con respecto ós dous anos anteriores as altas iniciais na Seguridade Social nas catro provincias galegas e no conxunto estatal, mantendo non obstante un alto nivel de novas afiliacións.

Novena. A **poboación activa** de Galicia diminuíu en 2001 (rompendo a traxectoria ascendente do trienio anterior) mentres que creceu no conxunto estatal. Por sectores productivos segue a sobrancea-la alta porcentaxe da poboación activa galega do sector primario, que é case o dobre da española (e practicamente a triplica no caso das mulleres).

No último ano baixou a taxa de actividade galega e subiu a estatal, polo que se amplía a diferenza entre as dúas (quedando a galega tres puntos por baixo).

Décima. A **poboación ocupada** galega (que rexistrara no ano 2000 o maior crecemento da última década) baixou lixeiramente en 2001 mentres que subiu case un 2% a estatal. A poboación **asalariada** galega, pola súa banda, aumentou un ano máis, e fíxoo cunha intensidade semellante á do ano anterior.

Décimo primeira. Seguindo co descenso continuo do cuadrienio anterior, o **paro estimado** de Galicia baixou novamente -e fíxoo nunha porcentaxe superior ó dobre da diminución estatal- quedando situado no menor valor absoluto desde 1992.

Anque baixou case dous puntos porcentuais no ano 2001, aínda algo máis da metade dos parados galegos levan máis dun ano en situación de desemprego (50,9%, fronte ó 41,1% da media estatal).

A **taxa de paro** baixou un punto porcentual no último ano en Galicia (algo máis do dobre que no conxunto do Estado). A taxa de paro galega supera en dúas décimas á española e segue a estar moi por riba dos valores da UE ou da OCDE; é especialmente alta nas mulleres (oito puntos por riba da dos homes) e nas persoas máis novas (pero debe sobrancearse o forte e continuo descenso no último quinquenio, que practicamente acumula 14 puntos e queda coa menor porcentaxe da última década, anque case dous puntos por riba da estatal).

Décimo segunda. Increméntase no ano 2001 en moi pequena contía o número de perceptores de prestacións económicas de desemprego. Aumento que se produce pese á diminución dos beneficiarios do subsidio asistencial.

A renda activa de integración iniciada no ano 2000 experimenta tamén en 2001 unha alta porcentaxe de beneficiarios en Galicia en relación co resto do Estado.

Décimo terceira. A **poboación inactiva** subiu en 2001 (a diferenza do trienio anterior) mentres que baixou lixeiramente no conxunto do Estado. O grupo de “xubilados e pensionistas” concentra o 52% do total (nove puntos por riba da porcentaxe estatal) e acada cando menos un 60% en dúas provincias (Lugo e Ourense).

Décimo cuarta. A **emigración exterior** de Galicia continúa diminuindo centrada fundamentalmente como destino en Suíza e aumentando o retorno de emigrantes, en relación co ano anterior máis dun 25%, do que o seu maior número procede de América Central e América do Sur.

Décimo quinta. Porcentaxes e modalidades contractuais indican que a contratación instalouse na precarización e a rotación. No ano 2001 mantense un panorama similar ó de anos precedentes.

A contratación efectúase maioritariamente con homes, coas excepcións, xa tradicionais, nos contratos de interinidade e a tempo parcial nos que a hexemonía é feminina.

Décimo sexta. Segue estabilizado o número de **empresas de traballo temporal** e, despois dunha tendencia crecente dos contratos de posta a disposición, neste ano existe unha diminución superior ó 8% reflectida nas empresas de ámbito supraautonómico xa que seguiron incrementándose os realizados por empresas de ámbito autonómico.

Décimo sétima. En maio de 2001 aprobouse no Consello Galego de Formación Profesional, o Plan Galego de Formación Profesional, ratificado polo Consello da Xunta de Galicia.

Dito plan encadra os obxectivos, planes, programas e medidas financeiras que encadrarán a FP en Galicia ata o ano 2006. Realízase nel unha análise crítica previa da situación precedente.

O plan aprobouse co apoio das organizacións sindicais (abstención da CIG) e empresariais.

No ano 2001, o plan FIP e a través dos centros colaboradores, impartiu 1.305 cursos, formando a un total de 21.184 alumnos e un orzamento de 6.289.855.035 pta, cifras similares ás do ano anterior.

Décimo oitava. O ritmo da negociación colectiva foi semellante ó dos anos anteriores coa excepción de 1999 que foi algo máis lento.

Como viña acontecendo en anos anteriores, incrementouse o número total de convenios existentes, negociándose por primeira vez 43 novos convenios (1 de sector e 42 de empresa) continuando deste xeito a tendencia á fragmentación da negociación colectiva.

Décimo novena. A media ponderada do incremento salarial pactado nos 244 convenios colectivos e 53 revisións salariais negociados en 2001 en Galicia foi do 3,33%. Esta media é superior en 0,7 puntos ó IPC Galego que foi do 2,6.

Se temos en conta o incremento indicado nos convenios rexistrados en anos anteriores con vixencia económica para 2001, a media do incremento salarial é do 3,31%.

O 51,64% dos convenios negociados reducen dalgún xeito a xornada máxima legal.

Vixésima. A **sinistralidade** global aumentou en Galicia un 6,6% en relación co ano anterior sendo esta porcentaxe superior á experimentada no total de España. Polo que se refire ós accidentes en xornada de traballo o incremento foi do 6,44%.

En relación cos sectores económicos, en cifras absolutas o sector servicios é o que maior número de accidentes sofre, resaltando neste ano a diminución dun 6,04% experimentada en pesca.

Polo que se refire ás actividades económicas, a construción segue sendo a que maior número de accidentes rexistra sobresaíndo claramente sobre as demais.

Vixésimo primeira. Os **accidentes mortais** en xornada de traballo diminuíron durante o ano 2001 un 20,16% observándose este descenso en tódolos sectores económicos menos na construción que é o único no que se aprecia a subida.

Vixésimo segunda. A **sinistralidade** afecta en maior medida ós **traballadores que teñen contratos temporais** (35,24% da poboación asalariada) que sofren máis do 73% dos accidentes. Os traballadores con menos dun ano de antigüidade tanto na empresa como no posto de traballo sofren máis do 52% dos accidentes.

Vixésimo terceira. O **índice de incidencia** (relación accidentes/poboación asalariada) do total de accidentes en Galicia está máis de catorce puntos por debaixo do índice estatal, tendo só tres comunidades menor índice. No que se refire ó índice de incidencia de accidentes mortais, Galicia ocupa o primeiro lugar entre as comunidades autónomas aínda téndose experimentado unha clara diminución en relación co ano anterior.

Vixésimo cuarta. En relación coa **conflictividade**, as folgas provinciais seguen decrecendo en número así como os traballadores participantes e as xornadas non traballadas. Máis afectación nestes dous últimos parámetros tiveron as folgas de ámbito autonómico.

Vixésimo quinta. Analizando os resultados dos **procesos electorais** en Galicia durante o último período de catro anos e, tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2001, a central sindical UGT, co 33,56% do total, é a que obtivo maior número de representantes dos traballadores, seguida de CCOO e CIG con 29,29% e 24,93%, respectivamente.

Vixésimo sexta. Continúa a tendencia favorable destes últimos cinco anos na proporción activos/pasivos no sistema de Seguridade Social. Nas catro provincias galegas prodúcese en 2001 un aumento significativo do número de cotizantes con respecto ó incremento de pensionistas, se ben inferior ós tres anos precedentes. Nas provincias de Lugo e Ourense, non obstante, mantense un número de pensionistas maior cos de traballadores en alta.